

# Con ironía e ternura

## *Permanecer á procura*



ROMÁN RAÑA

A acaba de chegar ás nosas mans unha nova entrega de Espiral Maior, *Vestíbulo da devastación*, obra que vén inaugurar a traxectoria poética de Rosa Enríquez (A Rúa de Valdeorras, 1969) co seu primeiro libro individual. O poemario ábrese cun prólogo de Yolanda Castaño que desvela as entrañas últimas dos poemas que seguen e clarifica a lectura coa súa lectura. Os temas que atopamos son, primeiramente, o conflito entre o ruído e o silencio, entre o mundanal barullo da polis e o silencio interior, aquilo que subxaz baixo as palabras: “A ausencia mete todo o mar nunha caixa/e parece que quedamos xordos,/enfermos de silencio.”

Noutras ocasións, o silencio emparéntase coa soidade que abraza a artista nunha aperta asfíxiate,

de-solado-ra. Como antítese a esta ausencia que doe atopamos o amor, que é a re-



dención corporal e espiritual que anula a opresión do establecido, do socialmente correcto, da vida programada. Fronte ao carácter anódino, repetitivo, ecoante, do ruído enxordecedor, o peito rebélase a prol das faltas de ortografía na existencia, a mancha que descompón o mosaico preestablecido: “Quixen parar de romper azulexos/pero era inmenso o desexo de amar”.

Anhelo vividamente esgazador, que acaba sendo un berro que reclama a liberdade, que a esixe: “Berra ventos co meu nome/di que son li-

bre/e canta un himno de mosaico roto.”

Tamén circulan polos versos momentos de notábel desazón, de esterilidade, de non poder procrear. Cifra e fragmento dunha imposibilidade que magoa, que quer aprehender o radicalmente “outro”, crear o outro nacido da propia carne, nunha avidez inconsolábel. Mais tamén achamos xogos verbais, momentos de lucidez optimista, instantes de caligrafía alegre. Como non podía ser doutro modo, hai outras composicións onde aparece un “outro”, que se desexa e teme, como un anhelo de completude e de procreación: “Veña, ábremos de pernas/e coloca esa teimar de amar/aínda que non saibas”.

Ironía e ternura, comprensión e delirio. En todo caso, Rosa Enríquez, desesperadamente, sempre está á procura de algo, “invadida de hectáreas promesas/de amor e calma”.

*ENRÍQUEZ, Rosa, Vestíbulo da devastación, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2008, 59 páxinas.*